

ACTA NÚMERO: 12/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 26 DE MARZO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 26 de marzo de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- D. Jaime de David Ruibal, Xefe da Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 20 de marzo de 2026 (Reunión 11/2026).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2025056465).
3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliábel mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña". (Expte.- 2026003516).
4. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e propostas avaliábeis mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial". (Expte.- 2026000490).
5. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliábel mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)". (Expte.- 2025069652).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)". (Expte.- 2025069652).
7. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliábel mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada". (Expte.- 2025071786).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada". (Expte.- 2025071786).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 20 de marzo de 2026 (Reunión 11/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 20 de marzo de 2026 (Reunión 11/2026).

2. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2025056465).

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 29/01/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro).

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L.



A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 17 de febreiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00	3,00	24,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,00	2,00	22,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	18,00	2,00	20,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 17 de febreiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)".

Na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	376.218,61 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	391.838,02 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	430.044,48 €	1,00%	12 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	413.689,03 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	414.511,13 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., E FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

A empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., presentaron dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026013243) e (REX_WEB2026012642) xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: E3USYCCL9R7MM6WD e CSV: CV5XFV2GHC05KKJA informes do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais, no que se recolle en relación ás ofertas presentadas por CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L que non xustifican de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentadas polas mesmas, e non deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
HORDESCON, S.L.	0,61	0,00	0,00	5,00	5,61
NAROM, S.L.	4,39	5,00	5,00	5,00	19,39
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L.	4,20	5,00	5,00	5,00	19,20

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. e FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	21,00	29,94	50,94
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	20,00	29,33	49,33
3	HORDESCON, S.L.	14,00	7,12	21,12

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)" á empresa NAROM, S.L. (B36163418) de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado413.689,03 €

IVE (21%)86.874,70 €

Importe Total 500.563,73 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L. (B36163418), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa NAROM, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
 - a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
 - 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
 - b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.
 - Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
 - Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente



- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 20.684,45 euros.

3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña". (Expte.- 2026003516).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria 27 de febreiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
 - CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
 - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
 - HORDESCON, S.L.
 - MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 - NAROM, S.L.
 - SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.A.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os



técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

4. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e propostas avaliábeis mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial". (Expte.- 2026000490).

Mediante acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2026, aprobouse o expediente para a contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da "Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 9 de marzo de 2026. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario da Mesa de Contratación comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto,

A Mesa de Contratación ACORDA:

- Propor ao órgano de contratación que declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial" por non terse presentado, durante o prazo establecido ao efecto, ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

5. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliábel mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)". (Expte.- 2025069652).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao



P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES , S.A. (COVSA).
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 5 de marzo de 2026 procedeu á apertura dos sobres “A”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, elaboraron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	20,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	18,00	2,00	20,00
NAROM SL	18,00	2,00	20,00



CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.L.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	10,00	3,00	13,00

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa".

6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avialable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)". (Expte.-2025069652).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa".

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	21,00
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	20,00
NAROM SL	20,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00
HORDESCON, S.L.	14,00
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.L.	14,00
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	13,00



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	967.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	948.500,25 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	979.337,14 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	973.382,42 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	961.685,67 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	1.029.845,84 €	2,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	956.368,97 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	1.019.293,71 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	1.063.213,48 €	3,00%	36 MESES	SI	NON



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L. e MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir ás citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen as ofertas e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

7. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaiei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada". (Expte.- 2025071786).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaiei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
- ORESA ASFALTOS, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 12 de febreiro de 2026 procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a



contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, elaborou un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	20,00	3,00	23,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	1,00	19,00
NAROM SL	16,00	3,00	19,00
ORESA ASFALTOS, S.A.	14,00	2,00	16,00
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.L.	12,00	1,00	13,00
HORDESCON, S.L.	10,00	2,00	12,00

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada"*.
2. Que non se proceda á apertura do sobre "B" da empresa Hordescan, S.L., ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas de conformidade co establecido nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
8. **Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliábeis mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada". (Expte.-2025071786).**



O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada*”.

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	23,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	22,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	21,00
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,00
NAROM SL	19,00
ORESA ASFALTOS, S.A.	16,00
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.L.	13,00
HORDESCON, S.L.	12,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	704.855,03 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	732.976,23 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	729.661,16 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	738.617,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	763.668,99 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	761.263,34 €	3,00%	36 MESES	SI	NON
ORESA ASFALTOS, S.A.	823.395,44 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

